



ARDE LUCUS



ARDE LUCUS

LUGO REVIVE AS SÚAS ORIXES ROMANAS

En Lugo, a chegada do solsticio de verán é, dende hai oito anos, o momento de voltar as olladas cara o pasado e de achegármonos ás tradicións dos nosos devanceiros.

Os días **26, 27 y 28 de xuño de 2009** celébrase unha nova edición do Arde Lucus, unha **fiesta de carácter histórico-cultural e de ambientación romana**, que organiza a Concellería de Xuventude.

A orixe romana de Lugo está moi presente na vida cotiá dos veciños e veciñas da cidade. A súa herdanza preséntase orgullosa por todos os recunchos da urbe: a Muralla Romana, con dous mil anos de historia e o recoñecemento da Unesco como Patrimonio da Humanidade; as Termas romanas; os mosaicos e restos recollidos no Museo Provincial, na Casa dos Mosaicos e no Museo Arqueolóxico Porta Miñá; o Templo de Mitra, etc.

Todos os vestixios do Imperio Romano, as tradicións e os modos de vida da antigüidade, rexorden na fin de semana na que se celebra o Arde Lucus, un festexo que pretende:

↳ Promover un uso lúdico e participativo da cidade e das súas infraestruturas

↳ Divulgar a imaxe de Lugo, a súa herdanza cultural, histórica e patrimonial.

O Arde Lucus ofrece a todas as persoas que se achegan a Lugo nestas datas, unha perspectiva diferente da cidade: rúas engalanadas, milleiros de voluntarios e voluntarias caracterizados para a

ocasión e unha programación con actividades heteroxéneas que presentan diversos focos de interese repartidos por todo o centro histórico lucense.

A programación do Arde Lucus inclúe un sinfín de actividades para todos os públicos.

OBRADOIROS DE ELABORACIÓN DE TRAXES E COMPLEMENTOS

Comezan varios meses antes da celebración do Arde Lucus. Nos obradoiros pódense elaborar os traxes e os complementos (pendentes, sandalias, espadas, colgantes...), e en todo tipo de materiais, para lograr as mellores caracterizacións. No Arde Lucus nada queda ao azar.



ACTO DE FUNDACIÓN DA CIDADE E NOMEAMENTO DOS PRINCIPAIS PERSONAXES

Este acto serve de arranque oficial ao Arde Lucus, co pregón do César e o nomeamento dos principais

personaxes: deuses e deusas romanos e celtas, o xefe do campamento militar, o sátiro, o xefe dos romanos, os druídas e o *civis honores*.

CASTRÁ OU CAMPAMENTO MILITAR



Situado ao carón da Muralla, este espazo presenta tal grao de actividade que xa conta cun programa específico. As persoas que se achegan ao campamento poden observar a instrucción militar dos lexionarios, as bigas e cuádrigas, os cabalos... Os máis pequenos poden, ademáis, aprender a tirar con arco, a fabricar as súas armas e mesmo adestrarse nas artes da lexión. Dende o campamento saen todas as instrucións militares que percorren as rúas da cidade, e aquí é tamén onde repousan os lexionarios e as súas monturas.

CIRCO ROMANO

O Circo, espectáculo por antonomasia na Roma clásica, é tamén un dos pratos fortes dentro das actividades do Arde Lucus.

Durante algo máis de dúas horas, un equipo de especialistas en reconstrucións históricas e profesionais da dobraxe en escenas de risco, recrean combates a cabalo, exhibicións de doma, loitas corpo a corpo con diferente armamento, e as célebres carreiras de bigas.

O circo incorpora tamén malabares con lume e diferentes xogos nos que

colabora de xeito activo o público asistente.



OLIMPO DOS DEUSES E DEUSAS

Este espazo, situado na Praza Maior, acolle unha representación do pavillón olímpico romano.



Aquí, os voluntarios e voluntarias, caracterizados como deuses e deusas, atenden a todas aquelas persoas que se achegan a visitalos, ben sexa para retratarse con eles, ou para interesarse polas actividades das que poden disfrutar e nas que poden participar os días que dura o festexo.

MERCADO DE ARTESANÍA OU MACELLUM

O Macellum é moito máis que unha feira de artesanía, xa que conta cunha coidada ambientación en canto a vestimentas e produtos á venda, e tamén cunha animación

constante con malabares ou monicreques.

O mercado de artesanía permanece aberto, e cunha programación propia, ao longo dos días que dura o Arde Lucus.

DESFILE POLAS RÚAS DA CIDADE



Os voluntarios e voluntarias desfilan polas rúas da cidade, seguindo ás bigas que conducen á *Vestalis Máxima* e ao César ata o circo romano. A esta actividade pódense incorporar todas aquelas persoas que así o desexen.

VENDA DE ESCRAVOS

Esta representación teatral supón a interacción entre os participantes do Arde Lucus xa que, os voluntarios e voluntarias contan cunha moeda romana (sen valor económico) coa que poden puxar para mercar un lote de escravos.

A partires de aí, gozarán dos seus servizos para participar en actividades, para que lles transporten as súas pertenzas, etc ata concederlles a carta de liberdade.

BACANAL

A bacanal é un dos momentos máis festeiros e desenfadados do Arde

Lucus, no que se canta e se baila no nome do deus Baco.

Ao finalizar a noite, elíxese ao mellor cantante e bailarín, que se considerará a persoa que mellor venerou ao seu deus.

VODAS CELTAS

A importancia da presenza celta nesta zona do Imperio romano, fixo que se decidise incluír no festexo do Arde Lucus unha representación dos principais rituais celtas.

Neste caso, as parellas namoradas poden formalizar o seu compromiso ante o deus Lugh, nunha cerimonia levada a cabo polos druídas, que lles fan entrega dun certificado que lembra a súa unión.

O éxito que obtivo esta actividade, ano tras ano, propiciou que se incluíse na programación dos tres días que dura o festexo.



NASCITURUS

Os nasciturus son bautizos, que seguen tamén o ritual celta.

A purificación dos participantes, a través da auga, achégaos ás crenzas e tradicións milenarias dun pobo que, a pesares de ser conquistado polos romanos, conseguiu manter vivas as súas raíces ao longo da historia.

CARREIRAS DE CUADRIGAS E BIGAS



Os aurigas soben ás súas bigas e cuadrigas para participar nunha espectacular carreira, simulando ás que facían os romanos nos anfiteatros.

TEATRO

O teatro clásico segue a ser obxecto de estudo e material de representación hoxe en día, polo que non podía faltar na programación do Arde Lucus. Distintos grupos teatrais de Lugo poñen en escea os grandes clásicos grecolatinos, e obras de ambientación e temática latina.

Diferénciase entre o **teatro convencional**, no que o público actúa de mero espectador, e o **teatro participativo**, no que o público se converte nun personaxe máis dentro da obra.

OLIMPIADAS

Atletismo, tiro con arco, a corda, o saco, as loitas corpo a corpo,... serán, entroutras, as modalidades deportivas que se poderán practicar

ou observar nesta versión dos Xogos Romanos.

EXPOSICIÓN DE ARMAS E UTENSILIOS DA ÉPOCA ROMANA

Nesta exposición pódese contemplar de preto unha colección de orixinais e réplicas das armas empregadas nas diferentes etapas da historia de Roma, os materiais cos que se elaboraban, as súas características e os seus diferentes usos no combate. Ademais, permítenos observar os obxectos básicos que atoparíamos nun asentamento militar romano.



TRANSFORMACIÓN DAS PORTAS DA MURALLA EN FRONTEIRAS

Representación teatral interactiva que se desenvolve en sete portas da Muralla. Buscando a súa complicidade, os viandantes deberán respostar a unha serie de preguntas relacionadas coa cidade. Se a contestan correctamente, reciben un pase de cidadáns romanos; se a resposta é incorrecta, obteñen un pase de visitante.

QUEIMA DA MURALLA

Este espectáculo pirotécnico, no que se fai unha queima simbólica da Muralla, serve de complemento ás sesións de fogos de artifício. A Muralla ampara e protexe a Lugo, pero é moito máis que un muro de contención. É o símbolo da cidade e,

por iso, no momento de renovación cíclica que marca o Arde Lucus, o lume purificador queima a Muralla.



E ademais...

No Arde Lucus non faltan os **concertos**, os **espectáculos de danza do ventre**, as **profetisas**, as **queimadas**, nin tampouco a **animación polas rúas**, sen dúbida, o aspecto que lle proporciona unha maior vistosidade a esta celebración

BATALLA CAMPAL

Recreación dunha escaramuza entre celtas e romanos. Os especialistas, en colaboración cos voluntarios e voluntarias que así o desexen, representan un intento de asalto á Muralla, que culmina nunha *pax* pactada entre os dous bandos.



A pesares da súa orixe humilde, o Arde Lucus é xa unha festa histórica de referencia en Galicia

☞ Unha media superior aos **110.000 visitantes** por edición e unha **ocupación hoteleira do 100%** na cidade, son os seus mellores avais. En 2008, o Arde Lucus bateu récords de asistencia, con máis de 300.000 participantes

☞ A última edición da revista Tourgalicia mencionaba o Arde Lucus como **destino destacado para o mes de xuño**

☞ O Arde Lucus figura xa **entre as 25 mellores festas de España**, segundo a enquisa que se está a realizar na Internet para eleixir os mellores festexos populares (www.7mejores.es). A festa romana de Lugo compite con outras como o Entroido ou as Fallas de Valencia

☞ A relevancia que adquiriu o festexo maniféstase tamén no **progresivo aumento do orzamento** que a Concellería de Xuventude destina a esta actividade, e que subiu en preto dun 400% nos tres últimos anos

☞ O Arde Lucus conta cunha **programación cada vez máis complexa e máis espectacular**, pensada para o disfrute dos públicos de todas as idades

Gabinete de comunicación

Concello de Lugo

e-mail: prensa@concellodelugo.org

Teléfonos: 982 297 137 / 982 297 150

Fax: 982 297 104